

## **O NENO QUE NON SABE FALAR FÍXOSE MIMO**

*por Raquel Ordoñez Tobío (I.E.S. A Xunqueira I)  
I Premio narración curta Ben Veñás Maio 2008*



Brad Townsend naceu nun hospital como calquera outro neno da súa época, pero el non era un neno calquera.

Era un pequeno e delicado bebé. Aínda que os seus pais estranáronse de que durante os seus primeiros cinco meses de existencia non fixese un dos típicos gorgoriños de bebé (prácticas de iniciación á fala). En fin, compre dicir que os pais de Brad eran uns pais normais, esa clase de pais que reclaman a atención dun fillo coas chaves do coche ou lle cantan ó rapaz unha nana composta por unha soa vogal, xa sexa o “a” o “i” aínda que ás veces preséntanes o “e” ou o “o”. (Creo que a miña imaxe sobre os pais normais acaba de cambiar). Retomando a historia: O ano de vida de Brad, lonxe do planeta “a barriguiña de mamá”, os seus pais mostrábanse cada vez máis inquietos ante a idea de que o seu fillo só abría a boca para bocexar, reclamar o biberón ou un cueiro limpo, ou para arrotar. Así que un día levaron ó seu lindo bebé ó doutor Stivens, quen lles dixo que se querían que a súa aprendizaxe fose máis rápida debían falarlle coma se fose un adulto (eliminando palabras como “abita” por auga e “pete” por chupete). E así o fixeron.

A nai comenzou a falarlle sobre política e o pai sempre lle falaba dos seus posibles estudos universitarios e dos traballos e salarios que podería adquirir co seu título. Sempre lle dicía os traballos máis prestixiosos e ben remunerados e preguntáballe que lle parecían, esperando unha resposta. \*Nota (Non ía contestarlle, iso era lóxico, pois tiña apenas un ano e medio e non sabía falar).

E os días ían pasando, e as semanas ...

Pero non pasaron os meses sen que o neno fora a facerse outro chequeo á consulta do doutor Stivenson, que continuaba empeñado no métodos das charlas políticas e das carreiras universitarias.

Aínda que tamén propiciou a práctica de:

– Poñanlle música clásica ou a radio, estimularanse os seus sentidos.

Así que as mañás do pequeno a partir de aquí non lle eran divertidas, e moito menos estimulantes, pois a voz do locutor era un potente somnífero. E a música clásica ... facía que entonara un pouco máis nos seus berrinches. As tardes as pasaba camiñando agarrado ó dedo da súa nai, escoitando o cantar dos paxariños e as voces doutros rapaces que, ó contrario de el, xa sabían falar.

A temprana idade de tres anos, o noso protagonista seguía sen dicir palabra e unha mañá de abril foi levado a toda prisa ó hospital, e pola forma na que a súa nai gastaba os tacóns pola beirarrúa, a cousa parecía grave.

Era un edificio gris, de pedra, enorme e moi cursi, e, como non, era unha clínica privada. Aqueles “normais pais” comezaron a crer que a medicina privada era, por algunha razón que descoñezo, mellor que a pública.

O subsodito doutor obtivo ó instante unha conclusión rápida:

– O seu fillo non lle pasa nada, non pensaron en porlle a radio ou lerlle un libro antes de que se deite?

“Moi bo consello”, pensou a nai de Brad mentres lle extendía un par de billetes.

Pasaron os anos e o pequeno infante pasou a ser un neno de seis anos. Estudaba nun colexio público de primaria. Os seus compañeiros, ó igual que el, tiñan a boca desdentada e esperaban a noite para a visita do rato... Pérez?, pero o ignoraban, pois era inservible para xogar ó escondite inglés.

Os anos continuaron pasando e outro intento desesperado da súa nai levouno a un instituto privado no que tampouco era popular senón máis ben un pardillo marxinado.

Pasaba os seus días lendo e sonando entrar no grupo teatral, no que se encontraba Abie, unha pequena e delicada nena de ollos verdes e cabelos escuros. A súa cara anxelical e o seu sorriso perfecto engaiolárao dende o primeiro momento.

Un día, Abie colgou no taboleiro de anuncios un folio co selo do grupo de teatro, que buscaba xente capacitada e expresiva para a nova obra. Brad leu con medo os personaxes, pensando que non acadaría as expectativas de ningún deles. Pero encontrou o papel perfecto: O de mimo.

Era xenial, podería pasar as horas de ensaio con aquela beleza e actuar ó seu lado.

Rematada a gran obra, Brad abandonou o grupo, pois non se garantía a aparición de máis mimos. Pero aqueles largos días de ensaio non foran en van. [E catro anos de silencio a partir deste momento sería o home máis feliz do mundo]. Era vintenove de febreiro, ano bisiesto, e nese mesmo instante, ás doce e trinta da mañá había tres anos dende que Abie lle pedira ser o seu mozo.

E aí, nunha esquina dunha rúa de Londres, o vintenove de febreiro ás doce e trinta Brad diría a súa primeira frase:

– Ámote Abie.

FIN